



Prezados/as:

Dende *Escena Galega* estamos vivindo estes momentos cunha fonda preocupación.

Como ben sabedes, a crise sanitaria derivada do Coronavirus/Covid19 está a supoñer para o sector escénico profesional galego, precario de por si, un enorme golpe de consecuencias aínda complicadas de valorar en toda a súa magnitude.

Dende o pasado xoves 12 de marzo ven de suspenderse toda programación cultural, funcións e estreos, do que resta de mes e xa parte delas do vindeiro abril. As novas que recibimos estes días son que o Estado de Alarma, e polo tanto a parálise na actividade cultural, alongarase ata un mínimo de 30 días, afectando de seguro á programación en abril e incluso en maio, cando sabemos que a temporada de programación escénica habitual na maioría dos espazos excluía ata o de agora os meses de verán, contando entre o 15 de xuño e o 15 de setembro, agás en festivais e outras citas específicas, con apenas programación nos espazos.

Polo tanto, vislumbramos que esta crise pode afectar case na súa totalidade á temporada de programación no que queda do 1º semestre do ano.

Isto pode supoñer unha catástrofe económica sen precedentes para a cultura galega.

Estamos traballando, en contacto permanente, coa *Agadic* (promotora xunto coas entidades municipais da *RGTA* así como do circuíto *Cultura no Camiño*), así como coa *Deputación Provincial da Coruña* (cuxa *Rede Cultural* sabedes que se atopa en período de contratación de actividades e espectáculos) para consensuar compromisos e medidas urxentes encamiñadas a flexibilizar o máis posible o uso do orzamento para programación, espazos etc., mais a realidade é que sodes vós, os/as profesionais da programación dos Concellos, os/as que detentades a inmensa maioría da carga da programación escénica en Galicia.

É por isto que nos diriximos a vós, pois os esforzos da nosa entidade estes días están centrados en que, na medida do posible, ningunha actividade/función se perda, e que se execute o 100% do orzamento previsto polas entidades titulares dos espazos no referente á programación escénica, e por suposto ao resto de actividade cultural.

Como estamos absolutamente seguros de que esa é tamén a vosa postura, cremos que esta crise pode servir para sentar os alicerces dun traballo máis próximo e mellor artellado baseado na convicción, que dende *Escena Galega* compartimos, de que todos e todas, programadores e programadoras, compañías, profesionais da xestión cultural, traballamos nun mesmo ecosistema cultural.

Por isto, as compañías produtoras poñémonos ao voso dispor para adoptar xuntos/as solucións a este problema. Solicitámosvos que non sexa a programación suspendida agora a que substitúa a programación do 2º semestre no ano. Despois deste parón, cremos que o verán pode ser, por que non, un momento no que recuperar esta programación suspendida, e unha maneira de que as compañías poidan mitigar en



parte este lapso, que como xa vos dicimos deixará a moitas produtoras escénicas galegas nunha situación que pon en serio perigo a súa supervivencia. Falamos, se no verán do 2020 tampouco se programa, de que as compañías poderían ter unha parada de actividade de 5 ou 6 meses.

En calquera caso, aquí estamos para aportar ideas, propostas e toda acción ou compromiso cos que dende as compañías poidamos sumar solucións. Cremos tamén que, unha vez voltemos á “normalidade”, será necesaria unha campaña de apoio e promoción ás artes escénicas galegas a todos os niveis, dende o municipal ao autonómico e tamén dende as propias compañías: dende a asociación estamos reflexionando en medidas e propostas para dinamizar o regreso dos públicos ao teatro, unha boa parte da produción de teatro, teatro para a infancia e a xuventude, danza ou novo circo galegosponse en contacto con vós por medio de *Escena Galega*.

Unha aperta e ánimo.

En Santiago de Compostela, a luns 23 de marzo de 2020.

Asdo.: Juan Rodríguez Santiago, presidente de *Escena Galega*.